

ACTA DA COMISIÓN DE VALORACIÓN

ASUNTO: PROCEDIMIENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DO USO PRIVATIVO DO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL “JOSÉ CARBALLIDO CERCEDA”..

Sendo as 10:00 horas do día 19 de xaneiro de 2015, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Comisión de Valoración, presidida polo Concelleiro Delegado da Área de Deportes, don José Manuel Díaz Grandío e actuando como vocais:

- Don Serafín Carballo Carballeira, Coordinador de Deportes.
- Don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do Concello, actuando como Secretario.

Abre a sesión o Sr. Presidente e procédese por parte do Sr. Secretario á lectura do informe do Negociado de Rexistro do día 19 de xaneiro de 2015 no que se pon de manifesto que á presente licitación presentouse unicamente a seguinte oferta:

1.- CLUB DEPORTIVO LUGO, S.A.D.

De seguido procédese á apertura da documentación presentada por dita entidade, a cal se axusta ó estipulado nas bases que rexen o procedemento.

Á vista do exposto, por parte dos membros da Comisión procedeuse ao outorgamento das puntuacións, segundo os criterios fixados na cláusula décimo primeira das bases, quedando éstas do seguinte xeito:

ENTIDADE	NÚMERO DE SOCIOS (Ata 5 puntos)	NUMERO DE LICENZAS FEDERATIVAS (Ata 5 puntos)	TOTAL
CLUB DEPORTIVO LUGO, S.A.D.	5 puntos	5 puntos	10 PUNTOS

Na súa consecuencia, os membros da Comisión de Valoración, por unanimidade, acordan propoñer a adxudicación do procedemento de referencia, á entidade CLUB DEPORTIVO LUGO, S.A.D.

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 10:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO

Asdo: José Manuel Díaz Grandío

Asdo: Manuel Louzao Aldariz